

DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2025/G005/000005.

Excma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que terá lugar no SALÓN DE COMISIÓNS o vindeiro **mércores**, día **12 de febreiro de 2025, ás 10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

LICENZAS URBANÍSTICAS

1. LICENZA URBANÍSTICA PARA REHABILITACIÓN DAS CUBERTAS DO PAZO DOS DEPORTES LOTE I: CUBERTA INCLINADA E LOTE II: CUBERTAS PLANAS, NA AVENIDA FILARMÓNICA LUCENSE (Exp. 2025/Y001/000010).

2. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO NA RÚA ROF CODINA, NÚMEROS 6 E 8, E RÚA MONTIRÓN, NÚMEROS 87 E 89 (Exp. 2022/Y001/000196).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

3. CONTRATACIÓN DA PRESTACION DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA “NOVO ANTONIO GANDÓY” DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES, EXP. REF. 2021/C003/000037. SEGUNDA PRÓRROGA.

4. CONTRATACIÓN DUN PLAN DE CONTROL DE POMBAS NA CIDADE DE LUGO. ADXUDICACION, EXP. REF. 2024-C003/000023.

5. CONTRATACIÓN DE PATROCINIOS PUBLICITARIOS PARA AS FESTAS DE ARDE LUCUS 2025. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS. ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO, EXP. REF. 2025-C005-000001.

6. CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUTOS DE LIMPEZA E HIXIÉNICO-SANIATARIOS PARA OS SERVIZOS DA ÁREA DE PARTICIPACION E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA: RECINTO CEMITERIO SAN FROILÁN E PRAZAS E MERCADOS. APROBACIÓN DO PREGO DE CONDICIÓNS TÉCNICAS E PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN, EXP. REF. 2025-C004-000003.

FACENDA LOCAL

7. SOLICITUDE DE BONIFICACIÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS URBANÍSTICOS E DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS, REFERENTE Á SOLICITUDE DE LICENZA URBANÍSTICA PARA AS OBRAS DE REPARACIÓN DE HUMIDADES NA CABECEIRA DA CATEDRAL.

PERSOAL

8. RECTIFICACIÓN DO ACORDO 6/499. BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 12 PRAZAS DE BOMBEIROS/AS CONDUTORES/AS PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (2 PRAZAS PERTENCENTES Á OEP 2021, 4 PRAZAS PERTENCENTES Á OEP 2022, 4 PRAZAS PERTENCENTES Á OEP 2023 E 2 PRAZAS PERTENCENTES Á OEP 2024), ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O 20 DE NOVIEMBRO DE 2024.

9. NOMEAMENTO DUNHA FUNCIONARIA DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA DESEMPEÑAR A PRAZA DE TÉCNICO/A DE TURISMO (GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO A (SUBGRUPO A1); ESCALA: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL; SUBESCALA: TÉCNICA).

10. DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A 2 PRAZAS DE INSPECTOR PRINCIPAL DA POLICÍA LOCAL PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (1 PERTENCENTE Á OEP DE 2022 E 1 PERTENCENTE Á OEP DE 2023).

11. BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE 1 PRAZA DE TÉCNICO/A ESPECIALISTA TIC PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE ACCESO LIBRE (OPE 2024).

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL

SERVIZOS SOCIAIS

12. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE LUGO.

MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Vicesecretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión

por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,